

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O INSTITUTO CULTURA, CIENCIA Y TECNOLOGÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA NO ANO 2021.

En Santiago de Compostela, a 23 de febreiro de 2021.

R E U N I D O S

O Sr. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación (GAIN), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro.

O Sr. JOSÉ LUIS VÁZQUEZ LÓPEZ, Presidente do Instituto de Cultura, Ciencia y Tecnología (en adiante ICCT), en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 26 dos correspondentes estatutos da devandita asociación.

E X P O Ñ E N

PRIMEIRO.- Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

A Axencia Galega de Innovación está adscrita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen a mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO.-

Que a difusión e divulgación da ciencia e a innovación é un elemento motor do desenvolvemento económico e do benestar social. Todo isto aglutina unha serie de accións propias e outras de dinamización da divulgación da I+D+I por parte dos axentes do Sistema Galego de Innovación, co obxectivo de fomentar a cultura científico-tecnolóxica e da innovación a nivel social a través da organización de eventos participativos e da comunicación de experiencias exitosas baseadas na innovación a través dos medios de comunicación tanto convencionais (prensa, radio e televisión) como emerxentes (internet e, en especial, as redes sociais).

Neste sentido concíbese a difusión e divulgación da I+D+i como unha tarefa transversal con obxectivos como:

- Proxectar a investigación e a súa valorización, proxectar a innovación, como unha forma de responsabilidade social corporativa, como un modo de concretar eficientemente estratexias corporativas e como unha forma competente de encarar o desenvolvemento profesional.
- Potenciar unha cultura da innovación eficiente, tolerante ao fracaso emprendedor e con capacidade de recoñecemento para con aqueles que arriscan desde a innovación e o emprendemento.
- Establecer accións continuadas para a sensibilización social da importancia da investigación, a ciencia, a tecnoloxía, o desenvolvemento e a innovación teñen para as sociedades avanzadas.

Neste sentido, xerar interese pola ciencia, espertar vocacións investigadoras, facer pedagogía da valorización ou proxectar boas prácticas de innovación son aspectos fundamentais dunha política de I+D+i que quere desenvolver un cambio cultural respecto da ciencia e da innovación, situándoas como alicerces determinantes do futuro colectivo.

Por outra banda, o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, define como obxectivo transversal o impulso da cultura da innovación tendo como fins, entre outros, o fomento da innovación dos

principais actores dos sectores impulsando o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que melloren a súa competitividade exterior e incrementen o valor engadido dos produtos e servizos que ofrecen no mercado e o posicionamento da Administración como elemento tractor da creación dunha cultura innovadora en toda a sociedade e da promoción da incorporación de innovacións no mercado.

TERCEIRO.-

Que o ICCT, constituído ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito da comunidade autónoma de Galicia, dotada con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar de acordo coa lexislación vixente sobre asociacións.

Segundo o artigo 2 dos seus estatutos, o ICCT ten entre os seus fins: promover actuacións de investigación, culturais, científicas ou tecnolóxicas; apoiar e favorecer actividades investigadoras, culturais e científicas; promover foros de carácter científico e cultural; publicar libros, boletíns ou revistas: investigación, científicas, universitarias, culturais, artísticas e tecnolóxicas; colaborar con universidades, institutos, laboratorios, centros de investigación, tanto públicos como privados, na realización de proxectos de cultura, ciencia e tecnoloxía; estimular e crear premios para estudantes, universitarios e calquera persoa ou institución que promova ou traballe pola cultura e a ciencia; organizar con empresas e institucións a realización de proxectos ou actos científicos e culturais...

O ICCT ten como misión a divulgación da ciencia e a tecnoloxía, así como potenciar a relación cos centros de investigación, empresas e institucións, servindo á sociedade, en especial ao tecido empresarial e industrial, de canal condutor coa actividade investigadora e científica de Galicia.

CUARTO.-

Que entre as actividades de divulgación e difusión da ciencia e a tecnoloxía que desenvolve o ICCT, está:

- A edición e publicación periódica da revista de carácter gratuíto "INVESTIGACIÓN – cultura, ciencia e tecnoloxía" como instrumento de visibilidade e aproximación dos investigadores e dos seus traballos á sociedade en xeral e en particular ao tecido industrial e empresarial, presentando os novos coñecementos científicos e fomentando a transferencia e difusión de tecnoloxía.



A revista ten unha ampla tirada dirixida fundamentalmente a: universidades españolas e doutros países, empresas galegas e doutras comunidades autónomas, investigadores, bibliotecas universitarias, laboratorios e centros de investigación

É intención da Axencia Galega de Innovación continuar a colaboración co ICCT, iniciada coa sinatura dos convenios dende 2014 ata 2020, no financiamento desta actividade para o ano 2021.

QUINTO.-

Que a Axencia Galega de Innovación, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar ao ICCT no desenvolvemento da actividade do expoñendo anterior por ser unha iniciativa de difusión e divulgación científico-técnica, na medida en que, a efectos do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, a devandita actividade responde a un interese xeral de concienciar ao conxunto da sociedade galega sobre a importancia da I+D+I no desenvolvemento económico e no benestar social de Galicia.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que a revista "INVESTIGACIÓN – cultura, ciencia e tecnoloxía" do ICCT é unha das poucas publicacións de divulgación científica editadas e publicadas en Galicia que funciona de canle directo de transferencia ás empresas da I+D+i realizada nos centros de investigación. Cuestión de gran transcendencia xa que son as empresas as verdadeiras transformadoras dos activos de coñecemento en innovación e crecemento económico. Ademais de ser un elemento de sensibilización ao conxunto da sociedade da importancia da ciencia e a tecnoloxía para o desenvolvemento económico e social da comunidade autónoma.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio con arreglo ás seguintes,

C L A Ú S U L A S

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Instituto de Cultura, Ciencia y Tecnología para o desenvolvemento, no ano 2021, da seguinte actividade de divulgación científica:





- Edición e publicación da revista "INVESTIGACIÓN, cultura, ciencia e tecnoloxía" (2 números)

Como anexo I ao convenio, recollese a descrición das actividades obxecto do mesmo.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables

- De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no anexo I e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

TERCEIRA.- Condicións económicas

- As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 8.000 €, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 100% con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.781.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2021.
- A axuda concedida será incompatible con outras subvencións concedidas para os mesmos conceptos especificados no Anexo I, xa que se financian o 100% das actividades obxecto do convenio.
- A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:
 - Que o contrato se subscriba por escrito.





- Que a súa subscripción a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.
- Atendendo ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o ICCT poderá subcontratar ata o 100% dos gastos subvencionados ao abeiro do presente convenio, respectando ao efecto os límites establecidos no punto 7 do citado artigo no que se indica que en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:
 - Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 desta Lei.
 - Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.
 - Intermediarios ou asesores nos que nos pagos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o dito pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
 - Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias: 1) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado; 2) Que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas normas reguladoras.
 - Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.
- Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).
- En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

CUARTA. – Compromisos

O ICCT comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra





débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no anexo I.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- No caso de cesión de datos cumprir as esixencias da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.
- Cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.





- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.

QUINTA. – Condicións de pagamento.

Conforme ao estipulado no artigo 60 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación, efectuará o pagamento da cantidade estipulada no convenio ao ICCT, unha vez comprobada a realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada polo instituto ao efecto antes do 29 de outubro de 2021 na Axencia Galega de Innovación.

Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e con arreglo ao sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, o ICCT deberá presentar:

1. Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas, na que conste como mínimo os datos relativos a difusión da publicación, repercusión nos medios de comunicación, valoracións, colaboracións,...
2. Un exemplar das publicacións nas que deberá constar a colaboración da Axencia Galega de Innovación coa utilización dos correspondentes logotipos identificativos.
3. Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o número de factura, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.
4. Documentación acreditativa da realización do 100% do investimento ou gasto, que consistirá en orixinal e unha copia das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas irán acompañadas do documento que xustifique o correspondente pagamento (co IVE detallado).
5. Sen prexuízo do indicado nos puntos anteriores, no caso de custos de recursos propios (gastos correntes) xustificaranse ademais cunha memoria detallada das imputacións do mesmo á actividade correspondente. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo responsable da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.



Así mesmo, deberá presentar:

6. Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Declaración de non ter solicitado nin concedido outras axudas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.
8. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De non xustificar o importe total das actuacións desenvolvidas, a Axencia Galega de Innovación, minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio e, así mesmo, resérvase o dereito de solicitar a documentación que considere precisa en relación coa xustificación de gastos.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio coa Axencia Galega de Innovación, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SÉTIMA.- Seguimento do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un deles actuará como presidente, e dous representantes do ICCT, designados a tal efecto por cada parte.

A comisión reunirse cantas veces o solicite algún dos membros.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo



primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA.- Interpretación

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo, e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

NOVENA.- Vixencia do convenio

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que as actuacións obxecto do mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2021.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións.

Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

UNDÉCIMA.- Resolución do convenio.

Poderá dar lugar á resolución do convenio:

- A alteración das accións a realizar sen autorización da Axencia Galega de Innovación.



- A suspensión do convenio por parte da Axencia Galega de Innovación por razóns de interese público.
- O acordo mutuo entre as partes.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación

Polo Instituto de Cultura,
Ciencia y Tecnología

Francisco José Conde López

José Luis Vázquez López

ANEXO I

Actividades

Publicación mínima de 2 números da revista "INVESTIGACIÓN - cultura, ciencia e tecnoloxía.

Trátase dunha publicación de divulgación idónea e actualmente consolidada, onde escribiron os seus artigos máis de trescentos cincuenta investigadores, académicos e expertos na cultura, ciencia e tecnoloxía.

Actualmente, esta revista xa está presente non só na Comunidade de Galicia, senón tamén no resto de España, distribuíndose a universidades españolas e doutros países, bibliotecas, industrias, institucións, empresas, laboratorios, centros de investigación, profesionais, ...

A revista cubre un oco na divulgación científica e tecnolóxica innovadora, xa que tras importantes requisitos esixidos aos investigadores para poder publicar, estes dan a coñecer directamente os seus traballos á sociedade, e así mesmo, permite que participen na divulgación á sociedade, en todos os ámbitos do coñecemento. A revista recolle a publicación de traballos de investigadores de Galicia e doutras Comunidades e países.

Orzamento previsto

Concepto	Importe previsto (sen IVE)
2 números da revista "Investigación"	
Deseño	8.000,00 €
Impresión	
Encadernación	
Maquetación	
Gastos de correo, transporte e distribución	
Gastos de papelería, viaxes, e xestión técnica	